

PUBLICACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN, POR PERSOAL LABORAL FIXO, DUNHA(1) PRAZA DE AUXILIAR DE XARDINERÍA (OEP 2019)

O día 7 de marzo de 2022 tivo lugar no Auditorio municipal Constante Liste da rúa da Lagoa-Ramallosoa(Teo) o primeiro exercicio, obrigatorio e eliminatorio, da fase de oposición do proceso selectivo para a provisión, por persoal laboral fixo, dunha(1) praza de auxiliar de xardinería, correspondente á Oferta de emprego público 2019 deste Concello.

Detectado un erro material, consistente na repetición dunha mesma pregunta nos números 23 e 29, de acordo co disposto na Base novena, apartado A), anúlase a pregunta 29, dándose por non formulada, e sendo substituída pola primeira pregunta de reserva.

De acordo co previsto na mesma Base novena, apartado A), faise público o contido do exercicio tipo test e as respostas correctas para a súa publicación na páxina web do Concello(www.teo.gal) e no Auditorio Constante Liste da Ramallosoa-Teo, lugar onde se realizou o exercicio.

De acordo co estipulado na Base oitava, as persoas aspirantes disporán dun prazo de tres (3) días hábiles seguintes á realización do exercicio para os efectos de alegacións e/ou reclamacións.

1º EXERCICIO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUNHA PRAZA DE AUXILIAR DE XARDINERÍA CORRESPONDENTE Á OEP 2019

1.- De cantos artigos consta a actual Constitución Española?

- a) 163
- b) 169**
- c) 179
- d) 189

- 2.- Segundo o artigo 139 da Constitución, terán os mesmos dereitos e deberes en calquera parte do territorio do Estado:
- a) Todos os cidadáns
 - b) Todos os españois**
 - c) Todas as persoas
 - d) Todos os españois e estranxeiros
- 3.- Cal das seguintes entidades gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses?
- a) As provincias
 - b) Os municipios
 - c) As Comunidades Autónomas
 - d) Todas son correctas**
- 4.- De acordo con o artigo 10 do Estatuto de Autonomía de Galicia, o Presidente da Xunta é elixido:
- a) Polo pobo galego
 - b) Polos conselleiros electos
 - c) Polo Parlamento de Galicia**
 - d) Polo Rei
- 5.- Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia, os vicepresidentes e os conselleiros :
- a) serán nomeados e cesados polo Parlamento
 - b) serán nomeados polo Parlamento e cesados polo presidente
 - c) serán nomeados polo presidente e cesados polo Parlamento
 - d) serán nomeados e cesados polo presidente**
- 6.- Segundo o artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia,
- a) O idioma galego é o único oficial en Galicia, e todos teñen o deber de coñecelo
 - b) O idioma castelán é o único oficial en Galicia, e todos teñen o deber de coñecelo
 - c) Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de coñecelos e usalos**

- d) Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o deber de coñecerlos e o dereito de usalos

7.- A poboación dun municipio é:

- a) O conxunto de persoas que sexan propietarias dunha vivenda no este municipio
b) O conxunto de todas as persoas que viven nel
c) O conxunto de persoas rexistradas no Padrón municipal
d) As respostas a) e b) son correctas

8.- Gozan de autonomía para a xestión dos seus intereses:

- a) só as Comunidades autónomas
b) só as comunidades autónomas e os municipios
c) só as provincias
d) os municipios, as provincias e as Comunidades Autónomas

9.- As competencias propias dos Municipios:

- a) só poderán ser determinadas polo Pleno
b) só poderán ser determinadas pola Deputación Provincial
c) só poderán ser determinadas por Lei
d) Ningunha das anteriores é correcta

10.- O alcalde, nun Pleno, pode decidir os empates co voto de calidade?

- a) Só cando comparezan todos os membros do Pleno
b) Só cando comparezan polo menos a metade máis un dos membros do Pleno
c) Si
d) Non

11.- A Comisión Especial de Contas existe:

- a) Nos municipios de menos de 5.000 habitantes
b) Nos municipios de máis de 5.000 habitantes
c) En todos os municipios
d) Non existe esa Comisión

12.- Os tenentes de alcalde,

- a) existen nos concellos de máis de 5.000 habitantes
b) existen nos concellos de máis de 15.000 habitantes

c) existen nos concellos de máis de 25.000 habitantes

d) **existen en todos os concellos**

13.- Segundo o artigo 13 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, reguladora do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, as persoas que teñen capacidade de obrar, nas súas relacións coas Administracións Públicas, teñen dereito:

a) A comunicarse coas Administracións Públicas a través dun Punto de Acceso Xeral electrónico da Administración.

b) A ser asistidos no uso de medios electrónicos nas súas relacións coas Administracións Públicas.

c) A utilizar as linguas oficiais no territorio da súa Comunidade Autónoma, de acordo con o previsto nesta Lei e no resto do ordenamento xurídico

d) **Todas as anteriores son correctas**

14.- É un dereito recoñecido na Lei de procedemento administrativo común :

a) A ser tratados con respecto e deferencia polas autoridades e empregados públicos, que terán que facilitarlles o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento dos seus deberes.

b) A esixir as responsabilidades das Administracións Públicas e autoridades, cando así corresponda legalmente.

c) Á protección de datos de carácter persoal, e en particular á seguridade e confidencialidade dos datos que figuren nos ficheiros, sistemas e aplicacións das Administracións Públicas.

d) **Todas as anteriores son correctas.**

15.- As solicitudes de iniciación dun procedemento deberán conter:

a) Nome e apelidos do interesado e, no seu caso, de la persoa que o represente

b) Lugar e data

c) Órgano, centro ou unidade administrativa á que se dirixe e o seu correspondente código de identificación

d) **Todas as anteriores son correctas**

- 16.- Para o cómputo de prazos, sempre que por Lei ou no dereito da Unión Europea non se exprese outro cómputo, cando os prazos se sinalen por días:
- a) **Enténdese que estes son hábiles, excluíndose do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos**
 - b) Enténdese que estes son hábiles, excluíndose do cómputo os domingos e os declarados festivos
 - c) Enténdese que estes son naturais, non excluíndose ningún día do cómputo
 - d) Ningunha das anteriores é correcta
- 17.- Cando os prazos se sinalasen por días naturais por declaralo así unha lei ou polo Dereito da Unión Europea:
- a) Farase constar esta circunstancia na correspondente resolución.
 - b) Farase constar esta circunstancia nas correspondentes notificacións**
 - c) Non se fará constar
 - d) Ningunha das anteriores é correcta
- 18.- Toda notificación deberá ser cursada:
- a) Dentro do prazo de quince días a partir da data en que o acto sexa ditado
 - b) Dentro do prazo de dez días a partir da data en que o acto sexa ditado**
 - c) Dentro do prazo dun mes a partir da data en que o acto sexa ditado
 - d) Canto antes
- 19.- Dentro da Sección 4ª (Dereito de Reunión) do convenio colectivo do Concello de Teo dise que están lexitimados a convocar reunións:
- a) o comité de empresa ou delegados de persoal
 - b) as organizacións sindicais, directamente ou a través dos delegados sindicais.
 - c) un número de traballadores/as non inferior ao 33% do persoal.
 - d) Todas as anteriores son correctas**
- 20.- O convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Teo é de aplicación ao persoal laboral
- a) Fixo
 - b) Indefinido
 - c) Temporal

d) Ningunha é correcta

21.- NON é un principio de conduta do persoal laboral ao servizo do Concello de Teo

a) Abrir as instalacións municipais de maneira rotativa entre os integrantes

b) Tratar con atención e respecto aos cidadáns, aos seus superiores e aos restantes empregados públicos

c) Manter actualizada a súa formación e cualificación

d) Observar as normas sobre seguridade e saúde laboral

22.- O convenio colectivo do Concello de Teo entende que o traballo realizado en período festivo é o que se realiza:

a) Entre as 22 horas de la véspera de I festivo ata as 22 horas do festivo

b) Entre as 22 horas do venres ou véspera de I festivo ata as 22 horas de cada domingo ou festivo

c) Entre as 00:01 horas ata as 23:59 horas do festivo

d) Entre as 00:01 horas do venres ou véspera de I festivo ata as 23:59 horas de cada domingo ou festivo

23.- Segundo o disposto no artigo 38 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, constituirase un comité de Seguridade e Saúde en todas as empresas ou centros de traballo que contén con:

a) 25 ou máis traballadores

b) 50 ou máis traballadores

c) 75 ou máis traballadores

d) 100 ou máis traballadores

24.- Segundo o artigo 21 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais, en caso de risco inminente e grave, o traballador terá dereito:

a) A interromper a súa actividade e abandonar o lugar de traballo

b) A interromper a súa actividade sen abandonar en ningún caso o lugar de traballo

c) A avisar ao empresario e delegados de prevención, permanecendo no seu lugar de traballo

- d) A recibir unha indemnización si non interrompe a súa actividade
- 25.- A función de vixilancia e control da normativa sobre prevención de riscos laborais corresponde:
- a) Á Dirección Xeral de Persoal e Desenvolvemento Profesional
 - b) Á Delegación Provincial de Traballo
 - c) Á inspección de Traballo e Seguridade Social**
 - d) Ao servizo de Medicamento Preventivo
- 26.- Como se denominan os representantes dos traballadores con funcións específicas en materia de prevención de riscos laborais?
- a) Delegados de persoal
 - b) Delegados de prevención**
 - c) Delegados sindicais
 - d) Representantes de prevención
- 27.- Segundo o Regulamento (UE) 2016/425 as lentes de montura integral para a aplicación de produtos fitosanitarios con mochila deben levar o símbolo:
- a) Sen símbolo
 - b) 3**
 - c) 4
 - d) 5
- 28.- O procedemento de actuación ante un accidente coñécese como:
- a) sap: socorrer, avisar e protexer
 - b) asp: avisar, socorrer e protexer
 - c) aas: avisar, abrigar e socorrer
 - d) pas: protexer, avisar e socorrer**
- 29.- PREGUNTA ANULADA E SUBSTITUÍDA POLA PREGUNTA 1 DAS DE RESERVA:**
- Segundo o disposto no artigo 38 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, constituirase un comité de Seguridade e Saúde en todas as empresas ou centros de traballo que contén con:**
- a) **25 ou máis traballadores**

- b) **50 ou máis traballadores**
- c) **75 ou máis traballadores**
- d) **100 ou máis traballadores**

30.- As persoas que manipulen ou utilicen aboamentos e fertilizantes Deberían posuír un nivel de coñecementos suficientes coa dificultade a desenvolver?

- a) **Si, todos os traballadores deben ser formados e informados os riscos que existen no seu posto de traballo**
- b) Non, os traballadores só deben ser informados o lugar de descarga dos sacos de fertilizantes
- c) Non, para estes traballos non necesitan ser informados/formados
- d) Si, só poden manipular os aboamentos aqueles traballadores que posúan o carné de manipulador de aboamentos

31.- Un Ginkgo biloba é un:

- a) **Árbore**
- b) Arbusto
- c) Bulbo
- d) Planta de tempada

32.- O esqueixe é:

- a) **Un talo.**
- b) Unha semente.
- c) Unha flor.
- d) Unha cortiza.

33.- A altura a que débese de cortar un céspede utilitario é de :

- a) 1-2 centímetros
- b) **4-5 centímetros**
- c) 10-20 centímetros
- d) Pódese cortar a calquera altura

34.- Cando abonamos un céspede con 40 gramos de aboamento por metro cadrado de 15/15/15 estamos a aplicar unha dose por hectárea de :

- a) **400 quilogramos**

- b) 4.000 quilogramos
 - c) 40.000 quilogramos
 - d) 40 quilogramos
- 35.- Para eliminar malas herbas dunha pradería de céspede utilízase un :
- a) Funxicida
 - b) Insecticida
 - c) Herbicida**
 - d) Molusquicida
- 36.- A ferramenta destinada a eliminar parcialmente a cuberta vexetal dun chan abrandando os horizontes superficiais do chan para resementar chámase:
- a) Cultivador
 - b) Escarificador**
 - c) Binador
 - d) Motocultor
- 37.- Na arte topiario utilízase como ferramenta:
- a) A tesoir de sebes**
 - b) O cultivador
 - c) A aixada
 - d) O motocultor
- 38.- A tesoir de podar dunha man esta pensada para cortar ramas dun grosor de:
- a) 4-6 centímetros
 - b) 6-8 centímetros
 - c) 0-2 centímetros**
 - d) 0-6 centímetros
- 39.- Cando un aboamento composto móstranos un indicativo 8-8-8 está a indicarnos:
- a) O contido en % de N-P-K**
 - b) O contido en % de N-K-P
 - c) O contido en % de K-P-N

- d) O contido en % de P-N-K
- 40.- As drenaxes son operacións necesarias para:
- a) Limpar o chan
 - b) Podar as plantas
 - c) Fertilizar chans
 - d) Desecar chans**
- 41.- O nome dunha planta atoparémolo en cursiva e en latín indicando:
- a) O primeiro nome, empezando en maiúsculas é o xénero e o segundo, empezando en minúsculas, é o da especie en concreto**
 - b) O primeiro nome é a especie, o segundo empezando en maiúsculas, é o xénero
 - c) O único nome e en maiúsculas indícanos a especie á que pertence a planta
 - d) Só móstranse dous nomes si é unha hibridización
- 42.- A roza en xardinería consiste en:
- a) Cavar o terreo para que penetre a auga de choiva
 - b) Eliminar a vexetación non desexada do chan**
 - c) Enterrar no chan as follas e os restos de poda
 - d) Corrixir as carencias de materia orgánica do chan aplicando humus
- 43.- Un exceso continuado de auga por choiva ou por rega provoca que o chan se volva:
- a) Algo acedo e elimina o seu pH
 - b) Vólcase un pouco básico e suba o seu valor de pH
 - c) A auga sempre tenderá a equilibrar o pH deixándoo neutro
 - d) O exceso de auga provoca asfixia nas raíces e a morte da planta**
- 44.- O orificio inferior dunha maceta ou colector:
- a) Non é necesario, só decorativo
 - b) Favorece a entrada de aire**
 - c) Realízase unicamente en especies que non soporten o anegamento
 - d) Non se realiza si queremos aforrar auga
- 45.- Os nenúfares dun estanque colócanse nel:
- a) Sen ningún soporte

- b) Sen substrato pero con algunha suxeición física
 - c) Cun substrato areoso
 - d) Cun substrato arxiloso**
- 46.- Que nos indica que un tronco sexa de tonalidade verde?:
- a) Que é tintóreo
 - b) Árbore caduca
 - c) Árbore nova
 - d) Realiza fotosíntese**
- 47.- Cal destas especies é caduca?:
- a) Aciñeira
 - b) Lodoeiro**
 - c) Ciprés
 - d) Mirto
- 48.- A procesionaria do piñeiro, que produce defoliación nas árbores, trátase de:
- a) Unha larva de himenóptero
 - b) Unha típula
 - c) Un lepidóptero ou bolboreta**
 - d) Unha especie de vespa
- 49.- É moi frecuente o ataque de pulgóns en moitas especies dos xardíns.
Trátase de:
- a) Insectos que atacan as raíces e os bulbos
 - b) Insectos chupadores**
 - c) Ácaros
 - d) Roedores
- 50.- Un helicida combate:
- a) Caracol e babosas**
 - b) Nemátodos e insectos
 - c) Roedores
 - d) Ácaros
- 51.- Que é unha mochila de tratamentos?

- a) Unha esparexadora
 - b) Unha pulverizadora**
 - c) Un centrifugador
 - d) Unha aboadora
- 52.- Unha mala herba é:
- a) Unha herbácea
 - b) Plantas que se sitúan nun lugar e momento aproveitable para o ser humano
 - c) Plantas que se establecen nun momento e en lugar desexable para o ser humano
 - d) Plantas que se establecen nun lugar e momento non desexable para o ser humano**
- 53.- Por que vén condicionado a drenaxe dun chan?
- a) Pola humidade
 - b) Polo seu contido en sales
 - c) Polo seu granulometría**
 - d) Polo seu contido en humus
- 54.- Cando dicimos que un marco de plantación é real?
- a) As plantas sitúanse irregularmente
 - b) Nun cadrado**
 - c) Nun rectángulo
 - d) Nun triangulo
- 55.- Como deben regarse os sementeiros?
- a) Con mangueira
 - b) Con auga pulverizada**
 - c) Con regadeira
 - d) Por capilaridade
- 56.- Son árbores de folla caduca:
- a) Aciñeira
 - b) Loureiro

- c) Oliveira
- d) Amendoeira**
- 57.- En xardinería esmiuzar fai referencia aSinale a resposta correcta:
- a) Abrir a terra para que penetre nela auga.
- b) Unha ferramenta de cavado.
- c) Unha ferramenta de rega.
- d) Reducir os terróns a tamaño pequeno.**
- 58.- Cal é a función principal da raíz?
- a) Ancoraxe ao chan
- b) Órgano de reserva
- c) Absorción de auga e elementos disoltos**
- d) Intercambio gaseoso
- 59.- Nun produto aparece un pictograma dunha caveira e dúas mornas cruzadas.
Que significado ten?
- a) Produto corrosivo.
- b) Produto tóxico.**
- c) Produto explosivo.
- d) Produto radioactivo.
- 60.- Que época é a mellor para plantar unha árbore a raíz espida?
- a) Verán.
- b) Inverno.**
- c) Primavera.
- d) En ningunha das anteriores.
- 61.- Que é un insecticida sistémico?
- a) Un insecticida moi tóxico.
- b) Un insecticida que non ten antídoto.
- c) Un insecticida que se aplica en preemerxencia.
- d) Un insecticida que é absorbido pola planta.**
- 62.- O control das enfermidades criptogámicas do céspede realizarase con:
- a) Funxicidas**

- b) Acaricidas
 - c) Insecticidas
 - d) Herbicidas
- 63.- Cal é a principal característica dos sebes formais?
- a) Son monoespecíficos
 - b) Son de baixa altura
 - c) Teñen forma simétrica**
 - d) Son irregulares
- 64.- Que é unha planta acaule?
- a) Planta sen espiñas.
 - b) Planta sen talo visible.**
 - c) Planta sen follas.
 - d) Planta sen flores.
- 65.- Son métodos naturais maiormente coñecidos na reprodución asexual das plantas:
- a) A apomixis e a formación de mitosporas
 - b) A formación de mitosporas e a formación de propágulos
 - c) A apomixis e a formación de propágulos
 - d) A apomixis, a formación de mitosporas e a formación de propágulo**
- 66.- Sinale a resposta correcta. Os produtos fitosanitarios deben levar unha etiqueta no seu envase onde se plasma toda a información sobre o produto e a súa correcta utilización?
- a) Sempre.**
 - b) Depende da marca.
 - c) Non é necesario.
 - d) Nunca.
- 67.- Cal das seguintes especies non é adecuada para formar un sebe?
- a) Ciprés mediterráneo
 - b) Buxo
 - c) Romeu

d) Salgueiro

68.- É unha especie dioica:

- a) A maceira
- b) O caqui
- c) O kiwi**
- d) A pereira

69.- Está considera especie invasora na comunidade de Galicia:

- a) Cortaderia selloana**
- b) Camellia japonica
- c) Digitalis purpurea
- d) Taraxacum officinale

70.- O oidio é:

- a) Un fungo**
- b) Unha bacteria
- c) Un virus
- d) Un nemátodo

71.- Onde se realiza na raíz a absorción de nutrientes?

- a) Pescozo
- b) Cofia
- c) Rexión pilífera**
- d) Rexión espida

72.- Como se chama a zona da folla que se une ao talo?:

- a) Limbo.
- b) Pé.
- c) Xema.
- d) Peciolo.**

73.- A auga que queda na segunda capa do chan e que é utilizable pola planta chámase:

- a) Auga capilar**
- b) Auga hidrostática.

- c) Auga higroscópica.
 - d) Auga radicular.
- 74.- Os cítricos, canto á duración das súas follas, son de follas:
- a) caducas
 - b) perennes**
 - c) pequenas
 - d) ningunha das anteriores é correcta
- 75.- Os esqueixes poden ser de tres tipos:
- a) Caulinares, foliares e reticulares
 - b) Caulinares, foliares e radiculares.**
 - c) Caulinares, foliares e rediculares
 - d) Caliculares, foliares e reticulares.
- 76.- A “jacaranda” é:
- a) unha ferramenta de poda
 - b) unha árbore de follas perennes
 - c) unha árbore de follas caducas**
 - d) Ningunha das anteriores é correcta
- 77.- A alimentación das plantas a través das raíces realízase:
- a) Por síntese.
 - b) Por ósmose.**
 - c) Por fotosíntese.
 - d) Por osmosimbiose.
- 78.- Unha das funcións principais da auga é:
- a) Rebrandecer a terra.
 - b) Conduce os nutrientes por ósmose ao interior da planta.**
 - c) Transporta os nutrientes minerais ao exterior da planta.
 - d) É un coagulante esencial para os procesos químicos.
- 79.- Á zona da planta que se atopa entre o talo e a raíz e que é a súa zona de unión denomínaselle:
- a) Estreito.

b) Pescozo.

c) Bordo.

d) Punto de unión.

80.- Se reproducimos unha nova planta a partir da nai e non separamos ata que bote raíces, estamos a levar a cabo:

a) un enxerto

b) un bacelo

c) unha reprodución por estaca

d) ningunha das anteriores é correcta

PREGUNTAS DE RESERVA

1.- O envés é:

a) o anverso da folla

b) o reverso da folla

c) unha ferramenta de xardinería

d) non é unha parte da folla

2.- O Pinsapo é unha árbore de folla:

a) Caduca

b) Perenne

c) Perennetrante

d) Ningunha das anteriores é correcta

3.- A respiración nas plantas consiste en:

a) tomar osíxeno da atmosfera e desprender anhídridos carbónicos

b) tomar anhídrido carbónico da atmosfera e desprender osíxeno

c) tomar os alimentos que se atopan no chan

d) ningunha das anteriores é correcta

4.- En xardinería, o aireado significa:

a) dar aire ás plantas

b) facer operacións na terra para que penetre o aire

- c) sacar as plantas de interior fóra
 - d) meter as plantas de exterior dentro
- 5.- Respecto da Constitución de 1978, o Rei:
- a) **Realizou a sanción e promulgación da mesma**
 - b) Ratificou a mesma
 - c) Participou na redacción da mesma
 - d) Ningunha das anteriores é correcta

Teo, na data da sinatura dixital do presente anuncio.

A secretaría do Tribunal,

M^a Elena Méndez Buela